

◆ A NOVELA PREMIADA RELATA A HISTORIA DUN HOME DE EXISTENCIA GRIS

Fernández Paz gaña o 'Raíña Lupa' coa obra 'Cos Pés no aire'

A obra 'Cos pés no aire', escrita por Agustín Fernández Paz, recibiu onte o premio 'Raíña Lupa' de literatura infantil que é convocado pola Deputación da Coruña. Fer-

nández Paz, nacido en Vilalba hai 51 anos, é profesor de primaria e codirector da colección Merlín de literatura infantil que ten a editorial Xerais.

A CORUÑA. Redac/Deleg. Agustín Fernández Paz indicoulle onte a este xornal que a novela que resultou galardoada, *Cos pés no aire*, relativamente curta, narra "a historia dun home chamado Daniel que leva unha existencia gris, aburrida, ata que descobre que pode levitar".

Ese extraordinario feito "cámbialle a vida" e a partir de entón vive unha serie de aventuras que teñen como trasfondo "unha loanza da diferenza". Fernández Paz afirma que escolleu ese tema para subliñar algo que non por obvio se acepta sempre: "dentro da humanidade hai unha variedade e temos que conseguir que sexa respectada".

O escritor estivo aproveitando este verán para ir preparando borradores de novos libros, que en outono e inverno reelaborará ata conseguilo resultado desexado, pois no seu caso "os libros nacen sempre en períodos de vacacións".

O caso é que agora mesmo ten entre mans unha novela xuvenil que aínda tardará en saír, pero os lectores non teñen que preocuparse. Ademais da obra premiada co *Raíña Lupa*, cara finais de ano Xerais ten previsto editar un novo libro, titulado *O laboratorio do profesor Nogueira*.

Así mesmo, están para saír en portugués traducións de dúas novelas súas que xa teñen saído en castelán, catalán e eusquera: *Cartas de inverno* e *Razas*.

Outras das súas obras son *A Cidade dos desexos* (1989), *As flores radiactivas*, co que conseguiu Premio Merlín en 1989, *Lonxe do mar* (1990) e *Contos por palabras*, Premio Lazarillo



Cris Tobío

Agustín Fernández Paz, derecha, junto a Chao Rego

Avenida do Parque 17. Tamén foi coautor de abundante material didáctico e de textos de teoría literaria.

Pero o que ten de bo a literatura infantil e xuvenil, para o autor, é o feito de que "recibes moitas cartas, é un dos praceres de escribir para rapaces, e especialmente recibín moitas trala publicación de *Cartas de inverno* e de *No centro do labirinto*". A súa aspiración con todo é que os libros "tamén lles poidan interesar ós adultos, xa que para min a literatura infantil non é só para nenos".

Na obra premiada agora co

te, segundo destacou a portavoz, a escritora Fina Casalderrey, "unha narración condensada onde, en non demasiadas páxinas, se din moitas cousas. É como se non faltara ningunha palabra".

Para Casalderrey, *Cos pés no aire* é unha obra que trata da busca da identidade e o respecto á diferenza, redactada cunha "linguaxe sinxela, que non simple", que a fai apta para ser desfrutada por nenos a partir dos dez anos e por adultos.

Agustín Fernández Paz obtivo o galardón desta primeira edición do premio *Raíña Lupa*